



# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 581

VIII legislatura

16 de novembro de 2011

Fascículo 1

## SUMARIO

(Versión electrónica en [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es))

### 4. Procedementos de información

#### 4.3. Preguntas

##### 4.3.3. Preguntas para resposta por escrito

- 08/5PRE-6907(72994)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre a eliminación, a través da Orde do 5 de setembro de 2011, pola que se actualiza o procedemento para o recoñecemento do dereito á asistencia sanitaria por parte das persoas sen recursos económicos suficientes, PSR, e das persoas que se atopan en situación de desemprego, Código 29, do dereito universal á prestación recoñecido na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia [167771](#)

- 08/5PRE-6908(73013)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Branco Parga, Carlos Fernando e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre os desprendementos de cachotes do tellado producidos o día 27 de outubro de 2011 no Colexio de Educación Infantil e Primaria Recimil de Ferrol, as peticións remitidas pola dirección do colexio para o seu arranxo, así como a resposta dada e as previsións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ao respecto [167774](#)

- 08/5PRE-6909(73018)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e 3 deputados máis

Sobre a existencia dun acordo coas empresas adxudicatarias para a paralización das obras do teatro e do centro da arte na Cidade da Cultura ata o ano 2014, a súa data de asinamento e o custo das indemnizacións correspondentes, así como o das obras necesarias nos soares deses edificios para salvagardar a seguridade dos traballadores e visitantes [167776](#)

- 08/5PRE-6910(73024)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e 3 deputados máis  
Sobre o gasto total realizado na programación da Cidade da Cultura nos anos 2010 e 2011 e a contía dos gastos nela sufragados pola Fundación Cidade da Cultura, a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Fundación Gaiás neses anos [167779](#)

- 08/5PRE-6911(73044)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Burgo López, María Concepción e 3 deputados máis  
Sobre o número de reunións levadas a cabo polo Padroado da Fundación Gaiás desde marzo de 2009, as decisións adoptadas nelas e as novas achegas de fondos realizadas polos seus patróns desde a súa constitución, así como os datos referidos á súa situación financeira e os fondos destinados nos anos 2010 e 2011 á programación da Cidade da Cultura [167781](#)

- 08/5PRE-6912(73069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Lobeira Domínguez, Bieito e Pontón Mondelo, Ana Belén  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dalgún programa para abordar a xestión dos pacientes polimedicados [167783](#)

- 08/5PRE-6913(73094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Lobeira Domínguez, Bieito  
Sobre a data da decisión da Unión Europea, así como da entrada en vigor da rebaixa da talla legal mínima para a comercialización da ameixa xapónica e a posición e as xestións realizadas pola Consellería do Mar ao respecto, así como a súa incidencia no sector marisqueiro galego e a apertura de expedientes sancionadores polo Servizo de Gardacostas de Galicia desde o inicio da súa vixencia [167785](#)

- 08/5PRE-6914(73115)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Branco Parga, Carlos Fernando e Sánchez Montenegro, Isabel  
Sobre o resultado do expediente aberto por Augas de Galicia polo depósito de áridos en dúas parcelas forestais situadas no concello de Cabanas, ao carón do río Baa, na zona de dominio público hidráulico e sen a correspondente autorización, e as actuacións levadas a cabo ao respecto [167787](#)

- 08/5PRE-6915(73117)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Branco Parga, Carlos Fernando

Sobre a relación da Consellería de Economía e Industria coa empresa importadora de material asfáltico Manmer, S.L., durante a oitava lexislatura, as subvencións ou axudas recibidas por esta e os traballos executados para a Administración pública galega [167789](#)

- 08/5PRE-6916(73136)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Cajide Hervés, María del Carmen e 3 deputados máis  
Sobre as actuacións e a política que está a desenvolver o Goberno galego en materia de violencia de xénero [167791](#)

- 08/5PRE-6917(73138)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Branco Parga, Carlos Fernando e Parga Núñez, Manuel  
Sobre a situación do concurso voluntario de acredores anunciado pola empresa Cuadernas e Arcos, S.L., adxudicataria nos anos 2007 e 2008 da construción de vivendas de promoción autonómica no concello de Melide, o motivo do recurso contencioso-administrativo que interpuxo contra a adxudicación da construción dun centro de día no concello de Curtis e a asunción do arranxo das mencionadas vivendas [167795](#)

- 08/5PRE-6918(73147)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Aymerich Cano, Carlos Ignacio e 2 deputados máis  
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para autorizar o cuarto expediente de regulación de emprego suspensivo solicitado pola empresa Emesa, pertencente ao grupo Isolux-Corsan [167797](#)

- 08/5PRE-6919(73164)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Branco Parga, Carlos Fernando e Sánchez Montenegro, Isabel  
Sobre os motivos polos que os propietarios de oito vivendas adxudicadas entre os anos 2007 e 2008 no concello de Melide non teñen na actualidade a correspondente escritura e o prazo previsto pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para regularizar esta situación [167800](#)

- 08/5PRE-6920(73168)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Branco Parga, Carlos Fernando e Paz Franco, María Tereixa  
Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da execución do proxecto de construción da nova Ponte Mazaira no río Furelos, entre os concellos de Melide e Toques [167802](#)

- 08/5PRE-6921(73170)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

---

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre as causas e circunstancias que rodearon o afundimento do pesqueiro galego Nuevo Sideral o día 31 de outubro de 2011, a dúas millas de Corrubedo [167804](#)

- 08/5PRE-6922(73171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre as medidas que se van adoptar para evitar o uso dun híbrido castrapizante galego-español nas comunicacións oficiais remitidas pola Xunta de Galicia á cidadanía [167806](#)

- 08/5PRE-6923(73172)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a inadaptación da normativa europea vixente en materia de pesca da anguía á realidade do sector pesqueiro galego que captura esa especie, e as medidas que se van adoptar para a súa defensa [167809](#)

- 08/5PRE-6924(73175)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a posición actual do Goberno galego respecto da restitución do carácter público do transporte marítimo da ría de Vigo e as razóns da demora no cumprimento do acordo parlamentario ao respecto, así como do compromiso público adquirido nese ámbito [167812](#)

- 08/5PRE-6926(73189)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre o tipo de herbicida utilizado para a limpeza da vexetación nas beiravías e beirarrúas das estradas PO-531, Marín-Bueu e PO-313, Marín-Moaña [167814](#)

- 08/5PRE-6927(73191)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da potenciación do idioma portugués para posibilitar unha maior relación de Galicia con Brasil, tendo en conta o seu carácter de potencia emerxente [167816](#)

- 08/5PRE-6928(73198)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a avaliación da Secretaría Xeral de Política Lingüística do resultado práctico dos convenios asinados cos medios de comuni-

cación no tocante ao incremento do uso do galego neles, os criterios seguidos para o seu asinamento e os datos referidos á súa contratación [167819](#)

- 08/5PRE-6929(73218)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre os motivos da demora na actualización do catálogo galego priorizado de produtos farmacéuticos para adaptalo aos novos prezos mínimos que entraron en vigor o día 1 de novembro de 2011, as súas repercusións na dispensación farmacéutica en Galicia e os mecanismos previstos para evitar a repetición desta situación [167822](#)

- 08/5PRE-6930(73221)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito e Suárez Canal, Alfredo

Sobre os datos referidos aos servizos de normalización lingüística existentes na actualidade en Galicia, a coordinación que está a realizar o Goberno galego destas estruturas e a avaliación da súa situación actual, así como as previsións respecto do seu futuro [167824](#)

- 08/5PRE-6931(73224)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sánchez Montenegro, Isabel e Táboas Veleiro, María Teresa

Sobre as actuacións postas en marcha pola Xunta de Galicia para solucionar a presenza da alga ou cianobacteria *Microcystis* spp. no río Umia, encoro da Baxe, no concello de Caldas de Reis, o investimento levado a cabo e os resultados obtidos, así como a valoración realizada polo Goberno galego [167826](#)

#### 4.4. Respostas a preguntas

- 08/5PRE-1261(53223) (73078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a retirada de axudas á Revista Galega de Teatro [167828](#)

- 08/5PRE-4083(66205) (73029)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a decisión do Goberno galego de eliminar o envío de libros en galego a Venezuela para posibilitar a aprendizaxe da lingua galega polo colectivo de emigrantes e os seus descendentes [167830](#)

- 08/5PRE-4093(66241) (73028)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

## SUMARIO

---

- Lobeira Domínguez, Bieito e 2 deputados máis  
Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas para evitar a exclusión da lingua galega nun complexo comercial da Coruña [167832](#)
- 08/5PRE-4215(57674) (73092)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén  
Sobre as previsións da Consellería de Cultura e Turismo respecto do nomeamento do edificio da Biblioteca Nacional de Galicia como edificio Rosalía de Castro [167834](#)
- 08/5PRE-4221(57804) (73080)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén  
Sobre as actuacións que vai desenvolver a Xunta de Galicia para conmemorar o 125 aniversario do nacemento de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao [167836](#)
- 08/5PRE-4222(57805) (73087)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén  
Sobre as razóns polas que a Xunta de Galicia aínda non incoou o expediente para declarar como ben de interese cultural o conxunto da obra de Castelao [167839](#)
- 08/5PRE-4232(58054) (73079)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Adán Villamarín, María do Carme e Pontón Mondelo, Ana Belén  
Sobre a oportunidade do investimento realizado polo Goberno galego no acondicionamento do edificio do antigo convento de Santo Domingo, en Tui, para a apertura dun albergue provisional de peregrinos en agosto de 2010 [167841](#)
- 08/5PRE-4352(60510) (73084)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén  
Sobre as actuacións que vai desenvolver a Xunta de Galicia en relación co Plan galego das artes escénicas 2008-2011 [167843](#)
- 08/5PRE-4792(58435) (73034)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén  
Sobre a contía das axudas pendentes de pagamento pola Xunta de Galicia ás compañías de teatro galegas no 28 de xaneiro de 2011, as razóns da demora e a valoración do impacto da crise no sector, así como as medias previstas ao respecto e a continuación co Plan galego de artes escénicas [167846](#)
- 08/5PRE-4866(59531) (73030)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Burgo López, María Concepción e 4 deputados máis  
Sobre a valoración, a actuación levada a cabo e os proxectos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural respecto dos problemas de conservación que presentan o pazo bispal de Diomondi así como a igrexa anexa de San Paio, no concello lucense do Saviñao, e os futuros usos dese pazo [167848](#)
- 08/5PRE-4950(60509) (73033)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén  
Sobre as actuacións que vai desenvolver a Xunta de Galicia en relación co Plan galego das artes escénicas 2008-2011 [167851](#)
- 08/5PRE-5106(62761) (73035)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén e Adán Villamarín, María do Carme  
Sobre a eliminación das barreiras arquitectónicas no Colexio Público Monte dos Postes, en Santiago de Compostela [167854](#)
- 08/5PRE-5212(64018) (73031)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Meijón Couselo, Guillermo Antonio e 3 deputados máis  
Sobre a valoración e a autorización pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria das actuacións do Concello de Lalín nas vivendas do Colexio de Educación Infantil e Primaria Joaquín Loriga, de Prado, o cumprimento da normativa vixente para a súa concesión a docentes e o seguimento das distintas fases da súa adjudicación [167856](#)
- 08/5PRE-5305(65076) (73036)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Lobeira Domínguez, Bieito  
Sobre a situación laboral na factoría “Real Conservera” de Cambados [167859](#)
- 08/5PRE-6560(70509) (73026)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Adán Villamarín, María do Carme e Lobeira Domínguez, Bieito  
Sobre as xestións realizadas e previstas polo Goberno galego diante do Goberno central para resolver o problema xerado para o tránsito das embarcacións e da fauna piscícola, pola acumulación de áridos na desembocadura do río Miño, entre Galicia e Portugal [167861](#)
-

- 08/5PRE-6570(70582) (73027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad

Sobre os datos referidos ás subvencións, ás axudas ou a calquera outro tipo de achega concedida pola Xunta de Galicia nos últimos cinco anos a cada unha das entidades galegas que teñen recoñecida a galegidade, así como ás entidades de igual natureza que non a teñen recoñecida [167863](#)

- 08/5PRE-6572(70588) (73025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións da Fundación Cidade da Cultura respecto da inauguración do edificio do museo cunha exposición sobre a pedra, o custo, a fórmula de contratación e obxectivos desta exposición, así como os criterios seguidos para escoller esa temática [167865](#)

- 08/5PRE-6595(70748) (73093)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e López Vidal, Pablo Xabier

Sobre os datos referidos ao desenvolvemento dos convenios impulsados no ano 2011, con carácter publicitario, con diversas operadoras de voos [167868](#)

---

A Mesa do Parlamento, na reunión do 8 de novembro de 2011, adoptou os seguintes acordos

## 4. Procedementos de información

### 4.3. Preguntas

#### 4.3.3. Preguntas para resposta por escrito

##### Admisión a trámite e publicación

- 08/5PRE-6907(72994)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre a eliminación, a través da Orde do 5 de setembro de 2011, pola que se actualiza o procedemento para o recoñecemento do dereito á asistencia sanitaria por parte das persoas sen recursos económicos suficientes, PSR, e das persoas que se atopan en situación de desemprego, Código 29, do dereito universal á prestación recoñecido na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

- 08/5PRE-6908(73013)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Branco Parga, Carlos Fernando e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre os desprendementos de cachotes do tellado producidos o día 27 de outubro de 2011 no Colexio de Educación Infantil e Primaria Recimil de Ferrol, as peticións remitidas pola dirección do colechio para o seu arranxo, así como a resposta dada e as previsións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ao respecto

- 08/5PRE-6909(73018)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e 3 deputados máis

Sobre a existencia dun acordo coas empresas adxudicatarias para a paralización das obras do teatro e do centro da arte na Cidade da Cultura ata o ano 2014, a súa data de asinamento e o custo das indemnizacións correspondentes, así como o das obras necesarias nos soares deses edificios para salvaguardar a seguridade dos traballadores e visitantes

- 08/5PRE-6910(73024)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e 3 deputados máis

Sobre o gasto total realizado na programación da Cidade da Cultura nos anos 2010 e 2011 e a contía dos gastos nela sufra-

gados pola Fundación Cidade da Cultura, a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Fundación Gaiás nesos anos

- 08/5PRE-6911(73044)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e 3 deputados máis

Sobre o número de reunións levadas a cabo polo Padroado da Fundación Gaiás desde marzo de 2009, as decisións adoptadas nelas e as novas achegas de fondos realizadas polos seus patróns desde a súa constitución, así como os datos referidos á súa situación financeira e os fondos destinados nos anos 2010 e 2011 á programación da Cidade da Cultura

- 08/5PRE-6912(73069)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dalgún programa para abordar a xestión dos pacientes polimedcados

- 08/5PRE-6913(73094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a data da decisión da Unión Europea, así como da entrada en vigor da rebaixa da talla legal mínima para a comercialización da ameixa xapónica e a posición e as xestións realizadas pola Consellería do Mar ao respecto, así como a súa incidencia no sector marisqueiro galego e a apertura de expedientes sancionadores polo Servizo de Gardacostas de Galicia desde o inicio da súa vixencia

- 08/5PRE-6914(73115)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Branco Parga, Carlos Fernando e Sánchez Montenegro, Isabel

Sobre o resultado do expediente aberto por Augas de Galicia polo depósito de áridos en dúas parcelas forestais situadas no concello de Cabanas, ao carón do río Baa, na zona de dominio público hidráulico e sen a correspondente autorización, e as actuacións levadas a cabo ao respecto

- 08/5PRE-6915(73117)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Branco Parga, Carlos Fernando

Sobre a relación da Consellería de Economía e Industria coa empresa importadora de material asfáltico Manmer, S.L.,



durante a oitava lexislatura, as subvencións ou axudas recibidas por esta e os traballos executados para a Administración pública galega

- 08/5PRE-6916(73136)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Cajide Hervés, María del Carmen e 3 deputados máis  
Sobre as actuacións e a política que está a desenvolver o Goberno galego en materia de violencia de xénero

- 08/5PRE-6917(73138)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Branco Parga, Carlos Fernando e Parga Núñez, Manuel  
Sobre a situación do concurso voluntario de acredores anunciado pola empresa Cuadernas e Arcos, S.L., adxudicataria nos anos 2007 e 2008 da construción de vivendas de promoción autonómica no concello de Melide, o motivo do recurso contencioso-administrativo que interpuxo contra a adxudicación da construción dun centro de día no concello de Curtis e a asunción do arranxo das mencionadas vivendas

- 08/5PRE-6918(73147)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Aymerich Cano, Carlos Ignacio e 2 deputados máis  
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para autorizar o cuarto expediente de regulación de emprego suspensivo solicitado pola empresa Emesa, pertencente ao grupo Isolux-Corsan

- 08/5PRE-6919(73164)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Branco Parga, Carlos Fernando e Sánchez Montenegro, Isabel  
Sobre os motivos polos que os propietarios de oito vivendas adxudicadas entre os anos 2007 e 2008 no concello de Melide non teñen na actualidade a correspondente escritura e o prazo previsto pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para regularizar esta situación

- 08/5PRE-6920(73168)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Branco Parga, Carlos Fernando e Paz Franco, María Tereixa  
Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da execución do proxecto de construción da nova Ponte Mazaira no río Furelos, entre os concellos de Melide e Toques

- 08/5PRE-6921(73170)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre as causas e circunstancias que rodearon o afundimento do pesqueiro galego Nuevo Sideral o día 31 de outubro de 2011, a dúas millas de Corrubedo

- 08/5PRE-6922(73171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Lobeira Domínguez, Bieito  
Sobre as medidas que se van adoptar para evitar o uso dun híbrido castrapizante galego-español nas comunicacións oficiais remitidas pola Xunta de Galicia á cidadanía

- 08/5PRE-6923(73172)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Lobeira Domínguez, Bieito  
Sobre a inadaptación da normativa europea vixente en materia de pesca da anguía á realidade do sector pesqueiro galego que captura esa especie, e as medidas que se van adoptar para a súa defensa

- 08/5PRE-6924(73175)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Lobeira Domínguez, Bieito  
Sobre a posición actual do Goberno galego respecto da restitución do carácter público do transporte marítimo da ría de Vigo e as razóns da demora no cumprimento do acordo parlamentario ao respecto, así como do compromiso público adquirido nese ámbito

- 08/5PRE-6926(73189)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Lobeira Domínguez, Bieito  
Sobre o tipo de herbicida utilizado para a limpeza da vexetación nas beiravías e beirarrúas das estradas PO-531, Marín-Bueu e PO-313, Marín-Moaña

- 08/5PRE-6927(73191)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Lobeira Domínguez, Bieito e Adán Villamarín, María do Carne  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da potenciación do idioma portugués para posibilitar unha maior relación de Galicia con Brasil, tendo en conta o seu carácter de potencia emerxente

- 08/5PRE-6928(73198)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a avaliación da Secretaría Xeral de Política Lingüística do resultado práctico dos convenios asinados cos medios de comunicación no tocante ao incremento do uso do galego neles, os criterios seguidos para o seu asinamento e os datos referidos á súa contratación

- 08/5PRE-6929(73218)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre os motivos da demora na actualización do catálogo galego priorizado de produtos farmacéuticos para adaptalo aos novos prezos mínimos que entraron en vigor o día 1 de novembro de 2011, as súas repercusións na dispensación farmacéutica en Galicia e os mecanismos previstos para evitar a repetición desta situación

- 08/5PRE-6930(73221)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito e Suárez Canal, Alfredo

Sobre os datos referidos aos servizos de normalización lingüística existentes na actualidade en Galicia, a coordinación que está a realizar o Goberno galego destas estruturas e a avaliación da súa situación actual, así como as previsións respecto do seu futuro

- 08/5PRE-6931(73224)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sánchez Montenegro, Isabel e Táboas Veleiro, María Teresa  
Sobre as actuacións postas en marcha pola Xunta de Galicia para solucionar a presenza da alga ou cianobacteria *Microcystis* spp. no río Umia, encoro da Baxe, no concello de Caldas de Reis, o investimento levado a cabo e os resultados obtidos, así como a valoración realizada polo Goberno galego

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2011

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1.º

A Mesa do Parlamento, na reunión do 8 de novembro de 2011, adoptou os seguintes acordos

#### 4.4. Respostas a preguntas

**Toma de coñecemento das respostas, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación**

- 08/5PRE-1261(53223) (73078)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a retirada de axudas á Revista Galega de Teatro  
BOPG núm. 347, do 04.11.2010

- 08/5PRE-4083(66205) (73029)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a decisión do Goberno galego de eliminar o envío de libros en galego a Venezuela para posibilitar a aprendizaxe da lingua galega polo colectivo de emigrantes e os seus descendentes

- 08/5PRE-4093(66241) (73028)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito e 2 deputados máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas para evitar a exclusión da lingua galega nun complexo comercial da Coruña

- 08/5PRE-4215(57674) (73092)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións da Consellería de Cultura e Turismo respecto do nomeamento do edificio da Biblioteca Nacional de Galicia como edificio Rosalía de Castro  
BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/5PRE-4221(57804) (73080)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións que vai desenvolver a Xunta de Galicia para conmemorar o 125 aniversario do nacemento de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao  
BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/5PRE-4222(57805) (73087)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as razóns polas que a Xunta de Galicia aínda non incoou o expediente para declarar como ben de interese cultural o conxunto da obra de Castelao  
BOPG núm. 401, do 02.02.2011

- 08/5PRE-4232(58054) (73079)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Adán Villamarín, María do Carme e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a oportunidade do investimento realizado polo Goberno galego no acondicionamento do edificio do antigo convento de Santo Domingo, en Tui, para a apertura dun albergue provisional de peregrinos en agosto de 2010

BOPG núm. 396, do 26.01.2011

- 08/5PRE-4352(60510) (73084)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións que vai desenvolver a Xunta de Galicia en relación co Plan galego das artes escénicas 2008-2011

BOPG núm. 421, do 02.03.2011

- 08/5PRE-4792(58435) (73034)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a contía das axudas pendentes de pagamento pola Xunta de Galicia ás compañías de teatro galegas no 28 de xaneiro de 2011, as razóns da demora e a valoración do impacto da crise no sector, así como as medias previstas ao respecto e a continuación co Plan galego de artes escénicas

BOPG núm. 406, do 09.02.2011

- 08/5PRE-4866(59531) (73030)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e 4 deputados máis

Sobre a valoración, a actuación levada a cabo e os proxectos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural respecto dos problemas de conservación que presentan o pazo bispal de Diomondi así como a igrexa anexa de San Paio, no concello lucense do Saviñao, e os futuros usos dese pazo

BOPG núm. 416, do 23.02.2011

- 08/5PRE-4950(60509) (73033)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións que vai desenvolver a Xunta de Galicia en relación co Plan galego das artes escénicas 2008-2011

BOPG núm. 421, do 02.03.2011

- 08/5PRE-5106(62761) (73035)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a eliminación das barreiras arquitectónicas no Colexio Público Monte dos Postes, en Santiago de Compostela  
BOPG núm. 441, do 30.03.2011

- 08/5PRE-5212(64018) (73031)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Meijón Couselo, Guillermo Antonio e 3 deputados máis

Sobre a valoración e a autorización pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria das actuacións do Concello de Lalín nas vivendas do Colexio de Educación Infantil e Primaria Joaquín Loriga, de Prado, o cumprimento da normativa vixente para a súa concesión a docentes e o seguimento das distintas fases da súa adxudicación

BOPG núm. 457, do 26.04.2011

- 08/5PRE-5305(65076) (73036)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a situación laboral na factoría “Real Conservera” de Cambados

BOPG núm. 477, do 25.05.2011

- 08/5PRE-6560(70509) (73026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre as xestións realizadas e previstas polo Goberno galego diante do Goberno central para resolver o problema xerado para o tránsito das embarcacións e da fauna piscícola, pola acumulación de áridos na desembocadura do río Miño, entre Galicia e Portugal

BOPG núm. 546, do 26.09.2011

- 08/5PRE-6570(70582) (73027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad

Sobre os datos referidos ás subvencións, ás axudas ou a calquera outro tipo de achega concedida pola Xunta de Galicia nos últimos cinco anos a cada unha das entidades galegas que teñen recoñecida a galegitude, así como ás entidades de igual natureza que non a teñen recoñecida

BOPG núm. 546, do 26.09.2011

- 08/5PRE-6572(70588) (73025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións da Fundación Cidade da Cultura respecto da inauguración do edificio do museo cunha exposición sobre a pedra, o custo, a fórmula de contratación e obxectivos desta exposición, así como os criterios seguidos para escoller esa temática

BOPG núm. 546, do 26.09.2011

- 08/5PRE-6595(70748) (73093)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia


Fernández Leiceaga, Xoaquín María e López Vidal, Pablo Xabier  
Sobre os datos referidos ao desenvolvemento dos convenios impulsados no ano 2011, con carácter publicitario, con diversas operadoras de voos

BOPG núm. 552, do 04.10.2011

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2011 de 2010

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1.º



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/10/2011 11:29  
Nº Rexistro: 72994  
Data envío: 28/10/2011 11:29:02.765


## Á Mesa do Parlamento

**Ana Luisa Bouza Santiago**, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativas á eliminación da universalidade na prestación sanitaria en Galiza.

O SERGAS está a excluír da prestación sanitaria, dende hai uns días, a parte da poboación galega pola implementación da Orde de 5 de setembro de 2011 que actualiza o procedemento para o recoñecemento do dereito á asistencia sanitaria por parte das persoas sen recursos económicos suficientes (PSR) e das persoas que se atopan en situación de desemprego (Código 29). Este protocolo deixa as persoas sen recursos que solicitan a tarxeta sanitaria sen dereito a ter médico asignado, a poder ser citados e a ter prestación farmacéutica. Só se lles recoñece dereito á asistencia de urxencia e emerxencia (agás no caso dos menores e das mulleres embarazadas, que manteñen estes dereitos).

Para a aplicación desta Orde, o SERGAS remite aos Centros de Saúde un protocolo de traballo, con data do 10 de outubro de 2011, que recolle as instrucións para que o persoal administrativo tramite as tarxetas sanitarias das persoas sen recursos.

Agás disto, no protocolo indicase que as persoas sen recursos que solicitan a tarxeta sanitaria serán clasificados como PRIVADOS e se lles fai asinar un compromiso de pago da asistencia realizada. Textualmente o protocolo di:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*“Dende a entrada en vigor da Orde (o 29 de setembro de 2011) as persoas que solicitan como PSR teñen dereito á atención de urxencias e emerxencias, polo que, ante á solicitude dunha atención urxente é necesario dar unha alta rápida no aplicativo con documentación acreditativa "PRIVADO", previa búsqueda do cidadán na aplicación, sempre se lles entregará o modelo de compromiso de pago para que o asinen, escribindo a man (mentres non esté preparado o modelo na aplicación) o seguinte texto:*

*Persoas sen recursos económicos suficientes en tramitación. So asistencia urxencia/emergencia”.*

Este protocolo interno interpreta de xeito restritivo os dereitos recoñecidos na Lei 8/2008 de Saúde de Galiza:

*“Artigo 4º.-Titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria.*

*1. O dereito á protección da saúde e á atención sanitaria con cargo a fondos públicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e de cobertura universal garánteselles a todas as persoas que residan nos concellos desta comunidade autónoma.”*

Prodúcese, por tanto, unha flagrante vulneración do dereito universal á prestación sanitaria garantida no marco legal de Galiza.

Por este motivo, o Grupo parlamentario do BNG realiza as seguintes preguntas:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

1.<sup>a</sup>) Cál é o motivo que leva ao Goberno galego a incumprir a lei de saúde de Galiza e retirar a prestación sanitaria á parte máis vulnerábel da súa poboación?


2.<sup>a</sup>) Cando ten previsto o Goberno galego retirar a Orde devandita de 5 de Setembro e restaurar a legalidade na prestación sanitaria en Galiza?

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2011.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago  
Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Luisa Bouza Santiago na data 28/10/2011 11:23:33**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Fernando Branco Parga e María do Carme Adán Villamarín**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O pasado 19 de outubro deste ano, debateuse no Parlamento Galego unha Proposición Non de Lei, a iniciativa do Grupo Parlamentar do BNG, na que se solicitaba o arranxo, antes de fin deste ano, das deficiencias existentes que afectaban á seguridade do alumnado e do profesorado no CEIP Recimil de Ferrol, e que, posteriormente, se acometera unha reforma integral deste Centro.


No debate parlamentar o Grupo Popular, no uso da súa maioría, rexeitou aprobar esta Proposición Non de Lei.

Oito días despois, o 27 de outubro, neste colexio, construído en 1948, desprendéronse cascotes do tellado no patio onde xogan os nenos/as, coa fortuna de que, nese momento, o patio estaba baleiro.

Porén, a Dirección do Colexio acordou prohibir o paso polos laterais do patio para garantir a seguridade de alumando, profesorado e traballadores/as deste Centro.

Agora, do patio só se poderá usar a zona central, afastada das edificacións onde se poderían producir novos desprendementos.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** realiza as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Que coñecemento ten a Consellaría de Educación desta situación?
- 2.<sup>a</sup>) Recibiu, a Consellaría, peticións específicas por parte da Dirección do Colexio para proceder a un arraxo deste Centro?, de ser así, cantas?, sobre que temas?
- 3.<sup>a</sup>) Houbo algunha resposta por parte da Consellaría?, de ser así, cal foi a resposta/s?
- 4.<sup>a</sup>) Á vista e co coñecemento do que vén de acontecer, pensa agora actuar a Consellaría?, de ser así, cando?, que actuacións prevé?

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2011.

Asdo.: Fernando Branco Parga

María do Carme Adán Villamarín

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Fernando Branco Parga na data 28/10/2011 12:31:53**

**Maria do Carme Adán Villamarín na data 28/10/2011 12:31:58**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López, Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández López, Guillermo Meijón Couselo e Francisco Cerviño González**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O conselleiro de Cultura e Turismo anunciou en marzo de 2011 en sede parlamentaria a paralización das obras de dous edificios da Cidade da Cultura ata 2014, e esta paralización foi confirmada polo presidente da Xunta de Galicia este mes de outubro.

As obras do Teatro e do Centro de Arte, agora paralizadas, foron adxudicadas en 2005 polo goberno do sr Fraga estando xa en funciones e polo tanto as empresas adxudicatarias teñen unha serie de dereitos legais que obrigan a Xunta de Galicia a chegar a un acordo con elas.

A falta de transparencia ca que está a xestionar a Xunta de Galicia a Cidade da Cultura fai imposible saber si se chegou o non a un acordo cas constructoras. É mais, as declaracións do conselleiro de Cultura e Turismo a as do propio presidente da Xunta de Galicia son contradictorias. O primeiro afirmou en sede parlamentaria e nos medios de comunicación que chegara xa a un acordo cas constructoras para a paralizar as obras ata 2014 mentres que o presidente da Xunta de Galicia declara todo o contrario e di que están a falar e que non teñen ningún acordo cas empresas.

Contradiccións que indican unha opacidade de xestión como é opacidade a negativa do conselleiro e do presidente a dicir canto constará en indemnizacións as empresas e na realización das obras de seguridade, esta paralización ata 2014.

É necesario saber a canto ascende o custo da paralización e tamén por qué o presidente e o conselleiro afirman realidades absolutamente contrarios.



Grupo Parlamentario

Polo exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

1. Chegouse ou non a un acordo cas empresas adxudicatarias das obras do Teatro e do Centro da Arte da Cidade da Cultura para a paralización das obras ata 2014?
2. Si se chegou a un acordo, en que data se firmou?
3. Cal é o motivo de que o conselleiro de Cultura e Turismo e o presidente da Xunta de Galicia se contradigan abertamente nesta cuestión?
4. A canto ascende o custo das indemnizacións as empresas adxudicatarias das obras pola paralización da construción da Cidade da Cultura?
5. A canto ascenden os custos das obras que é necesario facer nos solares dos edificios paralizados para salvagardar a seguridade de traballadores e visitantes da Cidade da Cultura?

Pazo do Parlamento, 28 de outubro de 2011


Asdo.: Concepción Burgo López  
Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
Guillermo Meijón Couselo  
Francisco Cerviño González  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Concepción Burgo López na data 28/10/2011 13:13:20**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/10/2011 13:13:25**



 Grupo Parlamentario

**Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 28/10/2011 13:13:31**

**Francisco Xulio Cerviño González na data 28/10/2011 13:13:37**

-----  
Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
-----



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López, Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández López, Guillermo Meijón Couselo e Francisco Cerviño González**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A Consellería de Cultura e Turismo e a Fundación Cidade da Cultura levan organizando diversos actos culturais na Cidade da Cultura pero, debida a falta de transparencia con que a dita Consellería leva a cabo as súas actuacións, descoñecemos a canto ascende o gasto ocasionado e de onde proveñen os fondos empregados.

Esta opacidade na xestión da infraestrutura cultural que leva xa absorbidos mais de 300 millóns de euros e que está subsumindo toda a inversión que se pode realizar na xestión cultural de Galicia non pode ser aceptada.

É necesario que todos coñezamos cal é o gasto que se está realizando na programación da Cidade da Cultura e que proporción do orzamento da Consellería de Cultura e Turismo se están invertendo.

Polo exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é o gasto total realizado na programación na Cidade da Cultura no ano 2010?
2. Cal é o gasto total realizado na programación na Cidade da Cultura no ano 2011?
3. A canto ascenden os gastos sufragados pola Fundación Cidade da Cultura na programación dos anos 2010 e 2011?
4. A canto ascenderon os gastos sufragados pola Agadic na programación dos anos 2010 e 2011?



Grupo Parlamentario

5. A canto ascenderon os gastos sufragados pola Fundación Gaias na programación 2010 e 2011?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 28 de outubro de 2011

Asdo.: Concepción Burgo López  
Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
Guillermo Meijón Couselo  
Francisco Cerviño González  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Concepción Burgo López na data 28/10/2011 13:31:44**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/10/2011 13:31:49**

**Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 28/10/2011 13:31:54**

**Francisco Xulio Cerviño González na data 28/10/2011 13:31:59**





Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Concepción Burgo López, Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández López, Guillermo Meijón Couselo e Francisco Cerviño González**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Conselleiro de Cultura e Turismo afirmou en reiteradas ocasións que a programación que se realiza na Cidade da Cultura non se financia con fondos públicos senón con achegas de empresas privadas pero, con esa falta de transparencia que caracteriza ao goberno da Xunta de Galicia, en ningún momento aportou os datos sobre ese financiamento, a súa contía, o seu orixe e as contas de gastos e ingresos.

Tamén afirmou en varias ocasións o conselleiro de cultura que a programación da Cidade de Galicia se sufragaba con fondos da Fundación Gaias constituída en 2008 con fondos públicos en unha contía de 11.250.000 € a través da Fundación Cidade da Cultura e fondos privados que chegaban a 11.750.000, constituíndo un fondo fundacional de 23 millóns de euros.

Se descoñece se houbo máis achegas públicas ou privadas posteriormente, as reunións do padroado e as contabilidade desta Fundación por falta de información da Consellería de Cultura e Turismo.

A transparencia ten que ser a base de calquera goberno e sobre todo nun proxecto como a Cidade da Cultura que é a infraestrutura cultural mais cara de Galicia e que os distintos gobernos do Partido Popular sempre xestionaron con opacidade. Por iso é absolutamente necesario que se clarifiquen as formas de financiamento de unha programación cultural que detrae unha parte moi importante dos recursos culturais deste país.

Polo exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cantas veces se reuniu o Padroado da Fundación Gaias dende marzo de 2009?



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

2. Que decisións se tomaron en estas reunións?
3. Aportaron mais fondos os patróns a Fundación Gaias dende a súa constitución en 2008?
4. Si é así, en que cantidade e quen fixo as achegas?
5. Cal é o balance contable da Fundación Gaias neste momento?
6. A que cantidade ascenden os seus fondos económicos?
7. Tivo ingresos a Fundación Gaias nos anos 2010 e 2011? A canto ascenderon?
8. Cantos fondos da Fundación Gaias se destinaron nos anos 2010 e 2011 a programación da Cidade da Cultura?

Pazo do Parlamento, 28 de outubro de 2011

Asdo.: Concepción Burgo López  
Xoaquín M<sup>a</sup> Fernández Leiceaga  
Guillermo Meijón Couselo  
Francisco Cerviño González  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia


**Asinado dixitalmente por:**

**María Concepción Burgo López na data 28/10/2011 13:50:59**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/10/2011 13:51:05**

**Guillermo Antonio Meijón Couselo na data 28/10/2011 13:51:09**

**Francisco Xulio Cerviño González na data 28/10/2011 13:51:15**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento


**Bieito Lobeira Domínguez e Ana Belén Pontón Mondelo**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á clasificación como Zona C do polígono mexilloeiro Ribeira C, e as medidas que se adoptarán ao respecto.

Ribeira C é o único polígono de bateas do litoral galego clasificado como Zona C a efectos de produción, o que conleva a imposibilidade de comercializar o mexillón extraído en fresco, nin aínda submeténdoo a proceso de depuración. Todo indica que esta situación é debida á falta de depuración das verteduras producidas en Ribeira e á existencia dun emisario submarino que verte, precisamente, nas inmediacións dese polígono bateeiro.

De calquera xeito, os bateiros non son os responsábeis desta situación, senón as vítimas. E o que cumpre son solucións urxentes e efectivas, á marxe das definitivas (construción da EDAR) que probabelmente se prolongarán no tempo. Débese actuar xa.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.<sup>a</sup>) Que medidas concretas e urxentes se adoptarán para mellorar a calidade das augas do polígono mexilloeiro Ribeira C, co obxectivo de reclasificar a súa catalogación produtiva no prazo de tempo máis breve posíbel?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2.ª) En que prazo se farán efectivas?

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 31/10/2011 11:09:26**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 31/10/2011 11:09:32**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa reposta escrita**, relativa á rebaixa de 40mm a 35 mm na talla legal, para a súa comercialización, da ameixa xapónica.

A Unión Europea decidiu rebaixar de 40 mm a 35 mm a talla legal mínima para permitir a comercialización da ameixa xapónica.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.<sup>a</sup>) Cando se decidiu a rebaixa de talla mínima da ameixa xapónica, de 40 mm a 35 mm?


2.<sup>a</sup>) Cando entrou en vigor esta normativa?

3.<sup>a</sup>) Cal foi a posición da Consellaría do Mar a reste respecto?

4.<sup>a</sup>) Realizou algunha xestión por este motivo?

5.<sup>a</sup>) Esta decisión, favorece ou prexudica ao sector marisqueiro galego?

6.<sup>a</sup>) É certo que, dende a entrada en vigor da nova normativa, houbo actuacións sancionadoras por parte do Servizo de Gardacostas de Galiza, abrindo expedientes a



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

mariscadoras ou mariscadores que extraeran ameixa xapónica de talla inferior aos 40 mm, mais superior aos 35 mm?


Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez  
Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 31/10/2011 13:04:40**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Fernando Branco Parga e Isabel Sánchez Montenegro**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.


En setembro do 2009, o Grupo Parlamentar do BNG realizou unha serie de preguntas sobre o material asfáltico que importaba a empresa Manmer SL e que tamén foi obxecto dunha denuncia pública por parte da Asociación Galega de Áridos (AGA).

Na resposta escrita a esa iniciativa parlamentar, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental informa que, logo de analizar unha mostra deste material, detectárase presenza do composto benzoalfaopireno en concentración inferior á metade da permitida pola normativa.

Porén, na mesma resposta parlamentar, comunicábase a existencia dun amoreamento ou depósitos de áridos en dúas parcelas forestais situadas no Concello de Cabanas, ao carón do río Baa, e lindantes co polígono industrial de Vilar do Colo.

Por este motivo, o organismo autónomo Augas de Galiza abraza un expediente sancionador polo depósito de áridos en zona de policía de dominio público hidráulico sen a correspondente autorización, así como pola posibilidade de que o depósito puidera ter efecto contaminante sobre as augas do río Baa.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** realiza as seguintes preguntas:



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 31/10/2011 16:30  
**Nº Rexistro: 73115**  
Data envío: 31/10/2011 14:19:13.870

- 1.<sup>a</sup>) Cal foi o resultado deste expediente aberto por Augas de Galiza?
- 2.<sup>a</sup>) Procedeuse á restauración do dominio público hidráulico?
- 3.<sup>a</sup>) Houbo algún tipo de sanción?, de ser así, de que tipo e en que contía?
- 4.<sup>a</sup>) Constatouse algunha contaminación no río Baa?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2011.

Asdo.: Fernando Branco Parga

Isabel Sánchez Montenegro

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Fernando Branco Parga na data 31/10/2011 14:16:59**

**Isabel Sánchez Montenegro na data 31/10/2011 14:17:04**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Fernando Branco Parga**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

En setembro do 2009, o Grupo Parlamentar do BNG realizou unha serie de preguntas sobre o material asfáltico que importaba a empresa Manmer SL e que tamén foi obxecto dunha denuncia pública por parte da Asociación Galega de Áridos (AGA).

Na resposta escrita a esa iniciativa parlamentar, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental informa que, logo de analizar unha mostra deste material, detectárase presenza do composto benzoalfaopireno en concentración inferior á metade da permitida pola normativa.

Porén, na mesma resposta parlamentar, comunicábase a existencia dun amoreamento ou depósitos de áridos en dúas parcelas forestais situadas no Concello de Cabanas, ao carón do río Baa, e lindantes co polígono industrial de Vilar do Colo.

Por este motivo, o organismo autónomo Augas de Galiza abraza un expediente sancionador polo depósito de áridos en zona de policía de dominio público hidráulico sen a correspondente autorización, así como pola posibilidade de que o depósito puidera ter efecto contaminante sobre as augas do río Baa.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Recentemente, unha información xornalística publica que, presuntamente, esta empresa buscara algún tipo de influencia non ámbito político, mesmo fálase de avances na Consellaría de Industria.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** realiza as seguintes preguntas:

- 1.<sup>a</sup>) Que relación existe ou existiu entre a Consellaría de Economía e Industria e a empresa Manmer SL nesta lexislatura?
- 2.<sup>a</sup>) Recibiu esta empresa algunha subvención ou axuda pública?, de ser así, por que motivo e en que contía?
- 3.<sup>a</sup>) Executou esta empresa algún traballo para a Administración Pública Galega?, de ser así, por que motivo e en que contía?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2011.

Asdo.: Fernando Branco Parga

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Fernando Branco Parga na data 31/10/2011 14:18:27**



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Cajide Hervés, Silvia Fraga Santos, Beatriz Sestayo Doce e Carmen Acuña do Campo**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Dende o Grupo Parlamentario Socialista queremos facer novamente un chamamento á rebelión colectiva da cidadanía contra a violencia de xénero: todos e todas debemos comprometernos contra esta inmensa crueldade que só produce dor, medo e morte nas mulleres vítimas, en menores que a padecen e en familiares e amizades que a sufrirán de por vida.

O PSdeG - PSOE considera que a sociedade española non pode nin debe tolerar este regueiro de vítimas, directas e indirectas, e que cada persoa, cada familia, cada institución, cada comunidade, grande ou pequena, debe poñer todo o seu esforzo en erradicar a violencia machista.

O PSOE ten dado mostras do seu claro compromiso: A Ley contra la Violencia de Género foi a primeira normativa legal aprobada polo Goberno socialista en decembro de 2004 e dotou a Ministerios, Comunidades Autónomas, Concellos e Asociacións dos recursos necesarios, tanto legais como económicos, para a protección integral das vítimas e de menores ao seu cargo.

Gracias a elo, centos de miles de mulleres puideron ser atendidas, protexidas e salvadas deste cerco de terror e violencia ao que se vían sometidas xunto cos seus fillos e coas súas fillas, co propósito de lograr a recuperación da súa dignidade e a súa reincorporación á sociedade en plena liberdade. A lei puxo todos os recursos do Estado (corpos e forzas de seguridade, Xustiza, Sanidade, Educación, Asociacións de axuda e apoio, servizos sociais, políticas de emprego e vivenda, etc...) a disposición das vítimas e das súas familias, nunha clara aposta social para terminar con ese terror.

Sen embargo, os últimos recortes en políticas sociais da Xunta de Galicia, están afectando negativamente ás mulleres e á igualdade, facendo máis difícil a loita contra a violencia machista. O Goberno galego, a pesar de ser



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

responsable directo de dotar de orzamento, poñer en marcha a protección ás vítimas, e xestionar as axudas económicas decretadas polo Goberno central para este fin. Os importantes recortes que está a facer o actual Goberno galego en materia de igualdade mostran a falta dun compromiso firme que sitúe a sensibilización e erradicación da violencia de xénero nas prioridades da axenda política.

Non podemos nin debemos consentilo. Non podemos nin debemos permitir que se abandone a súa sorte a centos de mulleres nin as súas familias, que sofren esta violencia criminal. Non vamos a deixarnos quitar todo o que, como cidadanía, temos conseguido nestes anos.

Polo anteriormente exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. En base ao art.155 da Constitución Española, que obriga ás Comunidades Autónomas ao cumprimento das Leis vixentes; á Ley Integral contra la Violencia de Género, e á Lei galega para a prevención e o tratamento integral da *Violencia de Xénero*, que está a facer a Xunta de Galicia para garantir a integridade das mulleres e menores na nosa Comunidade?
2. Cal é a aposta do actual Goberno da Xunta de Galicia para erradicar a violencia machista e como a reflexa na súa na axenda política:
  - a. Cal é o orzamento de fondos propios da Xunta de Galicia destinado ás estruturas específicas de igualdade (SGI e Secretaría de Igualdade) no ano 2009, ano 2010, ano 2011 e o proposto para 2012?
  - b. Cal é o orzamento executado no ano 2009, 2010 e 2011 provinte do Goberno do Estado?
  - c. Orzamento executado provinte de outros fondos e/ou programas (Fondos Europeos...)?
  - d. Cal é a estratexia e as principais accións que se están levando a cabo na prevención da violencia machista dende a Xunta de Galicia?
  - e. Que accións se están levando a cabo en colaboración coas asociacións feministas e as específicas de loita contra a



Grupo Parlamentario

violencia machista? Cales son esas asociacións? Cantos cartos se destinaron no ano 2010?

f. Que accións se están levando a cabo cos concellos galegos para erradicar a violencia machista? Con cantos e cales se está a traballar?

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

3. Que medidas se están levando a cabo cos medios públicos de comunicación, de cara á sensibilización da sociedade contra a violencia de xénero?
4. Que ten feito a Xunta de Galicia para cumprir os acordos asumidos polas Comunidades Autónomas na reunión do Sectorial de igualdade celebrado en abril de 2010, para a posta en marcha do sistema de protección especializada de menores e a elaboración do protocolo de atención aos mesmos?
5. En que medida está a contribuír a Xunta de Galicia na formación especializada e implicación da Policía na protección das vítimas de violencia de xénero?
6. Tense realizado algún estudo socio - criminolóxico sobre violencia de xénero a fin de poñer de manifesto a realidade existente sobre esta terrible problemática?

Pazo do Parlamento, 2 de novembro de 2011

Asdo.: Carmen Cajide Hervés


Silvia Fraga Santos

Beatriz Sestayo Doce

Carmen Acuña do Campo

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Cajide Hervés na data 02/11/2011 10:28:20**


**Silvia Belen Fraga Santos na data 02/11/2011 10:28:24**

**Beatriz Sestayo Doce na data 02/11/2011 10:28:30**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 02/11/2011 10:28:36**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/11/2011 12:50  
Nº Rexistro: 73138  
Data envío: 02/11/2011 12:50:37.268

## Á Mesa do Parlamento

**Fernando Branco Parga e Manuel Parga Núñez**, deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Entre os anos 2007 e 2008 adxudicouse no Concello de Melide (A Coruña), á empresa Cuadernas e Arcos SL, a construción de vivendas de Promoción Autonómica.

No BOE nº 299, de 12 de decembro do 2009, o xulgado do Mercantil nº 2 de A Coruña, anuncia a declaración de concurso voluntario desta empresa.

Motivo polo cal, a reparación das deficiencias e avarías atopadas nas vivendas de Melide non son asumidas por esta empresa.

Porén, no DOG nº 209, de 2 de novembro do 2011, esta mesma empresa, Cuadernas e Arcos SL, anuncia a tramitación no xulgado do contencioso-administrativo nº 2 de Santiago dun recurso contencioso-administrativo interposto pola empresa contra a resolución da Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, pola que se acorda a adxudicación da obra de construción dun centro de día para corenta persoas no Concello de Curtis.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** realiza as seguintes preguntas:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- 1.<sup>a</sup>) Coñece a Xunta de Galiza se esta empresa continúa en concurso voluntario?
  
- 2.<sup>a</sup>) Pode recibir adxudicacións da Administración Autonómica nesta situación?
  
- 3.<sup>a</sup>) Cal é o motivo do recurso contencioso-administrativo interposto pola empresa Cuadernas e Arcos SL contra a resolución da Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar?
  
- 4.<sup>a</sup>) Vaise facer cargo esta empresa das deficiencias e avarías atopadas nas vivendas de Melide?


Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2011.

Asdo.: Fernando Branco Parga  
Manuel Parga Núñez  
Deputados do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Fernando Branco Parga na data 02/11/2011 12:46:40**

**Manuel Parga Núñez na data 02/11/2011 12:46:50**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza


## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carlos Aymerich Cano, Ana Luisa Bouza Santiago e Henrique Viéitez Alonso**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita** relativa á autorización do cuarto ERE solicitado pola dirección de EMESA.

O pasado 28 de Outubro a Consellaría de Traballo e Benestar resolveu autorizar, contra o parecer dos traballadores, da lei e dos compromisos asumidos en sede parlamentar polo Director Xeral de Relacións Laborais, o cuarto ERE de EMESA.

Este novo ERE suspensivo afectará a 93 traballadores, sen contar aos 14 despedidos durante a súa tramitación ante silencio cómplice da Xunta, e foi autorizado sen que a empresa presentase a documentación que lle fora solicitada - a saber, a carga de traballo do grupo Isolux no ramo do metal e o volume de traballos metálicos contratados a terceiros - e sen que a Xunta, con evidente má fe, resolvese expresamente sobre o Plano Social de Acompañamento - que suporá que os traballadores, a piques de esgotar xa a súa prestación por desemprego, afectados deixen de perceber o complemento de 300€ mensuais e as pagas extras - ou exixise da empresa compromisos de mantemento do emprego.

Ao encontrar xustificadas as razóns produtivas aducidas pola empresa a Xunta de Galiza avala a desconexión entre EMESA e o resto do grupo Isolux (que presenta resultados positivos), empregando aos traballadores da factoría de Coirós en moeda de cambio no marco das relacións contratuais entre a Administración galega e este grupo empresarial español.



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Así as cousas, formúlanse as seguintes cuestións:


Porque razón a Xunta autorizou o cuarto ERE de Emesa en contra do parecer dos traballadores? Porque autoriza este ERE malia a empresa non ter presentado a documentación relativa á carga de traballo do grupo Isolux no ramo do metal e o volume de traballos metálicos contratados a terceiros, cando o que procedía era archivar a solicitude? Porque razón a Xunta de Galiza desliga, na análise das causas produtivas aducidas pola empresa, Emesa do conxunto do grupo Isolux na que esta está integrada? É consciente a Xunta de que ao no resolver expresamente sobre o Plano Social de Acompañamento está a causar un grave prexuízo económico aos traballadores afectados por este cuarto ERE? Porque a Xunta de Galiza non actuou contra a empresa cando esta despediu 14 traballadores durante a tramitación do ERE?

Santiago de Compostela, a 2 de Novembro de 2011

Asdo.: Carlos Aymerich Cano  
Henrique Viéitez Alonso  
Deputados do G.P. do BNG  
Ana Luisa Bouza Santiago  
Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 02/11/2011 13:35:41**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**


Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/11/2011 13:40**  
**Nº Rexistro: 73147**  
Data envío: 02/11/2011 13:40:11.008

**Ana Luisa Bouza Santiago na data 02/11/2011 13:35:44**

**Henrique Vieitez Alonso na data 02/11/2011 13:35:47**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 02/11/2011 17:21  
**Nº Rexistro: 73164**  
Data envío: 02/11/2011 17:21:02.625

## Á Mesa do Parlamento

**Fernando Branco Parga e Isabel Sánchez Montenegro**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Entre os anos 2007 e 2008 adxudicáronse no Concello de Melide (A Coruña), 22 vivendas de promoción autonómica, 8 delas en propiedade.

Porén, a día de hoxe, estes 8 propietarios/as non teñen ningunha escritura sobre a súa propiedade.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** realiza as seguintes preguntas:


- 1.<sup>a</sup>) Cal é o motivo, ou motivos, polo que estes propietarios/as non teñen escritura da súa propiedade?
- 2.<sup>a</sup>) Cando prevé a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas regularizar esta situación?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2011.

Asdo.: Fernando Branco Parga

Isabel Sánchez Montenegro

Deputado e deputada do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Fernando Branco Parga na data 02/11/2011 17:20:02**

**Isabel Sánchez Montenegro na data 02/11/2011 17:20:10**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Fernando Branco Parga e María Tereixa Paz Franco**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

No ano 2007, e logo da sinatura dun convenio entre os Concellos de Melide, Toques e a Consellaría de Medio Rural, aprobouse a realización dun proxecto para levantar a nova estrutura da Ponte Mazaira no río Furelos, que comunicaría os concellos de Melide e Toques e permitiría dar servizo para restituir o antigo paso que ofrecía a vella Ponte Mazaira.

A Consellaría de Medio Rural orzamentou daquela 243.696 euros para levantar esta estrutura, cuxa demanda social se xustifica na importancia dos traballos agrogandeiros e forestais como principal actividade dos habitantes da zona, que, na actualidade e cando o caudal o permite, cruzan coa súa maquinaria o propio río para evitar un rodeo de, en casos, até 6 quilómetros.

A funcionalidade desta estrutura vai máis alá de mellorar a comunicación viaria entre Toques e Melide na medida en que serve para evitar a degradación do principal cauce fluvial da comarca melidense, ademáis da función como lugar de paso para os pescadores nunha zona acotada. Mais, esta obra segue hoxe sen acometerse.

Por este motivo, o **Grupo Parlamentar do BNG** formula as seguintes preguntas:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

1. Ten coñecemento a Consellaría de Medio Rural do proxecto para executar unha nova Ponte Mazaira no río Furelos, entre os Concellos de Melide e Toques?
2. Prevé a Consellaría acometer esta obra?
3. De ser así, cando?
4. Cal sería o orzamento actual?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2011.

Asdo.: Fernando Branco Parga


María Tereixa Paz Franco

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Fernando Branco Parga na data 02/11/2011 19:31:34**

**María Tereixa Paz Franco na data 02/11/2011 19:31:38**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ao afundimento do pesqueiro galego “Nuevo Sideral”.

O pasado 31 de outubro afundiábase a dúas millas de Corrubedo o pesqueiro “Nuevo Sideral”, cunha tripulación de dous mariñeiros.

Non cabe lamentar, afortunadamente, perda de vidas humanas neste novo sinistro marítimo, grazas á actuación doutro pesqueiro –o “Halcón Dos”- que rescatou os dous mariñeiros e os trasladou ao Porto do Son.

Cumpre aclarar, contodo, as causas e circunstancias que rodean este sinistro marítimo, co obxecto de tomar as correspondentes medidas correctoras que eviten no futuro a reprodución de feitos desta natureza.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:

1.<sup>a</sup>) Que información posúe a Consellaría do Mar sobre as causas e circunstancias que rodean o afundimento do pesqueiro galego “Nuevo Sideral”?

2.<sup>a</sup>) A que hora e a través de que método se activa a chamada de socorro?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3.<sup>a</sup>) A que hora se activa cada un dos medios de salvamento?

4.<sup>a</sup>) A que hora se envía o MDRL?


Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 02/11/2011 19:48:17**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/11/2011 09:30  
Nº Rexistro: 73171  
Data envío: 02/11/2011 19:56:40.298

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ao uso do castrapo en comunicacións oficiais da Xunta a administradas e administrados.

Mais unha vez, temos a oportunidade de comprobar o uso dun híbrido castrapizante galego-español en comunicacións oficiais da Xunta a administrados e administradas. Esta actuación –reiterada- sería impensábel e intolerábel de se realizar por un organismo público español. Mais en galego todo é posíbel.

Trátase, neste caso, da notificación a un reclamante remitida polo Instituto Galego de Consumo (Consellaría de Economía e Industria), que inclúe, en tan só tres parágrafos, “alfaias” lingüísticas coa seguinte literalidade:

- . *“En relación con la reclamación presentada por usted”*
- . *“a partires da recepción de la presente notificación, para aceptar esta vía, o considerar que é a que procede para la resolución de su notificación”*
- . *“ser éste procedimiento elegido por la empresa para a solución dos conflictos cos seus clientes”.*
- . *“O Real Decreto 231/2008 polo que se regula el Sistema Arbitral de Consumo, expresa que la vía del arbitraje debe ser aceptada por escrito por ambas partes”.*
- . *“ (...) sobre la cuestión obxeto en litixio.”*



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

É aínda hai máis. Pintoresca fórmula de aplicación do tan cacarexado “bilingüismo harmónico”, neste caso dentro dunha mesma frase, na que se intercalan palabras e composicións ou contraccións simultaneamente en galego e español, que dan lugar a un novidoso híbrido lingüístico que dialectaliza o noso idioma.

Resulta paradóxico. Quen debiera dar exemplo de uso correcto da lingua galega na súa actuación pública e oficial –a administración pública galega- é quen a degrada até extremos inadmisíbeis. Boa mostra da consideración menor e residual que do noso idioma ten quen posúe o mandato estatutario e a obriga legal de a defender e normalizar.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.<sup>a</sup>) Que avaliación realiza a Secretaria Xeral de Política Lingüística da situación descrita?

2.<sup>a</sup>) Que métodos ou filtros de corrección lingüística atravesan as comunicacións escritas emanadas ou expedidas dende os diversos departamentos da Xunta de Galiza e dos entes, empresas ou sociedades dela dependentes?

3.<sup>a</sup>) Que medidas concretas se adoptarán para evitar que se reproduzan feitos como o denunciado?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

4.<sup>a</sup>) En que prazo se farán efectivas?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 02/11/2011 19:50:49**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á discriminación que padece Galiza na normativa vigorante en materia de pesca de anguía.

A Unión Europea, a través do Regulamento (CE) 1100/2007, polo que se establecen medidas para a recuperación da poboación de anguía europea, e doutras medidas complementarias, discrimina gravemente ao sector pesqueiro galego que captura anguía en augas interiores –competencia exclusiva de Galiza- baixo unha coartada aparentemente ambientalista.

Na Galiza hai case 50 embarcacións que se dedican á captura de anguía con nasa butrón. No resto da Unión Europea aproximadamente outros 1.100 buques, fundamentalmente na Alemaña e Franca. Todo indica que a anguía se encontra nunha delicada situación neses países, mais non na Galiza. Aquí non padecemos escaseza de recurso, como testemuñan as capturas obtidas. Non cumpre “recuperar” a anguía naquelas rías galegas que posúen planos de xestión do mesmo xeito que en Europa. E non estamos na mesma situación.

Porén, temos que aturar a imposición inxusta e acientífica das mesmas medidas de restrición pesqueira que en Europa. Submétese á nosa frota de baixura a un paro biolóxico forzado durante tres meses ao ano, nos que se prohíbe expresamente a extracción de anguía, provocando así importantes perdas produtivas.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A inadaptación da normativa comunitaria á realidade deste sector produtivo é, pois, unha evidencia palmaria. Cumpre facerlle fronte a unhas decisións da Unión Europea que agreden de xeito inxustifico a nosa capacidade pesqueira por razóns non de sustentabilidade ambiental, senón de carácter económico e comercial, co ánimo, daquela, de eliminar un competidor nesta actividade como é Galiza. Velaí o auténtico motivo.

Porque o que non resulta coherente cunha actitude ambientalista é, simultaneamente, permitir a captura de meixón (cría da anguía), ou permitir o cultivo en acuicultura, que precisa tamén a captura previa de meixón.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:


1.<sup>a</sup>) Que medidas se adoptarán en defensa do sector pesqueiro galego que captura anguía?

2.<sup>a</sup>) Ten previsto a Consellaría do Mar algunha actuación perante a actitude discriminatoria da Unión Europea neste ámbito?

3.<sup>a</sup>) Que medidas se adoptarán para frear os obstáculos (encoros, barreiras, minicentraís) existentes nos ríos, competencia da Xunta, e que afectan directamente a esta especie?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2011.





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/11/2011 09:30  
**Nº Rexistro: 73172**  
Data envío: 02/11/2011 19:57:18.657

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 02/11/2011 19:52:52**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ás razóns que levan ao Goberno galego a rexeitar o carácter público do servizo de transporte marítimo de persoas na ría de Vigo.

O 2 de novembro deputados e deputadas do Partido Popular votaban en contra dunha Proposición de Lei do BNG referida á restitución do carácter público, de titularidade da Xunta de Galiza, do servizo de transporte marítimo de viaxeiras e viaxeiros na ría de Vigo.


Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.<sup>a</sup>) Está agora en contra tamén o Goberno galego da restitución do carácter público do transporte marítimo da ría de Vigo?

2.<sup>a</sup>) Por que razón leva máis de dous anos incumprindo un acordo unánime do Parlamento de Galiza nesa dirección?

3.<sup>a</sup>) Por que motivo incumpriu o compromiso público adquirido neste ámbito polo propio Conselleiro Agustín Hernández?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2011.



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/11/2011 09:30**  
**Nº Rexistro: 73175**  
Data envío: 02/11/2011 20:01:04.715

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 02/11/2011 19:45:23**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ao tipo de herbicidas utilizado para a limpeza da vexetación nas beiravías e beirarrúas das estradas PO-531 (Marín-Bueu) e PO-313 (Marín-Moaña).


Na resposta por escrito remitida pola Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas á Pregunta parlamentar formulada polo BNG (con número de rexistro 71.055), relativa ao uso de herbicidas para a limpeza de vexetación nas beiravías e beirarrúas das estradas PO-531 (Marín- Bueu) e PO-313 (Marín-Moaña), afirmase que os produtos empregados non provocan efectos nocivos salientábeis no medio natural.

Por este motivo, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.<sup>a</sup>) Cales foron os produtos empregados como herbicidas nestas estradas?
- 2.<sup>a</sup>) Que indica exactamente a ficha de seguranza dos produtos utilizados?

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez  
Deputado do G.P. do BNG.




OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 03/11/2011 13:32:56**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza


## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez e María do Carme Adán Villamarín**, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ás previsións de potenciación do portugués para posibilitar un maior relacionamento da Galiza con Brasil, potencia emerxente.

Responsábeis do Goberno español teñen recoñecido a recepción de ofertas de colaboración e emprego, procedentes de Brasil, vinculadas fundamentalmente á organización no 2014 do Mundial de Fútbol e no 2016 dos Xogos Olímpicos. Posibilidades que se incrementarán no futuro tendo en conta o carácter de Brasil como potencia emerxente no ámbito planetario.

Posuímos na Galiza unha vantaxe competitiva que ninguén ten no Estado español. Unha potencialidade única, extraordinaria, vinculada á nosa pertenza ao sistema lingüístico galego-portugués. Mais tamén absolutamente desaproveitada. É esperpéntico que exista un maior número de centros de ensino na Estremadura española nos que se imparten portugués que na propia Galiza.

Son políticas e ideolóxicas as auténticas razóns que explican esta situación surrealista. Podéndonos achegar en maior medida ao Brasil, aproveitando reciprocamente o beneficio derivado da interrelación, prima –para os gobernos galego e español- a consideración da Galiza como provincia española, privada dun idioma de seu que posibilitaría, en termos de pura utilidade, abrir camiños naturais de relacionamento co Brasil.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/11/2011 13:51  
Nº Rexistro: 73191  
Data envío: 03/11/2011 13:51:08.083

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.<sup>a</sup>) Considera o Goberno galego que Galiza posúe vantaxes competitivas, do punto de vista lingüístico, que permitirían afianzar e consolidar, tirando beneficio recíproco, o relacionamento co Brasil?

2.<sup>a</sup>) En caso positivo, por que razón se rexeita a adopción de iniciativas nesa dirección?

3.<sup>a</sup>) Ten previsto algunha medida ao respecto?

4.<sup>a</sup>) En caso positivo, en que consistiría, e en que prazo se faría efectiva?

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2011.


Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

María do Carme Adán Villamarín

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 03/11/2011 13:38:37**



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/11/2011 13:51  
**Nº Rexistro: 73191**  
Data envío: 03/11/2011 13:51:08.083

**Maria do Carme Adán Villamarín na data 03/11/2011 13:38:42**





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## À Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa aos resultados prácticos da política de convenios cos medios de comunicación que practica a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Segundo resposta oficial da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria a unha pregunta parlamentar formulada polo BNG, a Secretaría Xeral de Política Lingüística investiu, a maiores da convocatoria anual de subsidios e axudas a medios de comunicación, outros 268.837 euros, en forma de convenios destinados a esta mesma finalidade, con arreglo á seguinte distribución:

. La Voz de Galicia:	63.875
.Faro de Vigo:	32.142
.Europa Press:	30.000
Axencia EFE:	30.000
.El Progreso:	21.889
.Galicia Hoxe:	21.494
.La Región:	19.786
.Diario de Pontevedra:	14.520
.La Opinión:	14.005
.Atlántico Diario:	13.063
.Xornal de Galicia:	08.063



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Descoñecemos o resultado práctico destes convenios no que ten a ver co incremento do uso da lingua galega neses mesmos medios, así como os criterios utilizados para a escolla de medios e a determinación da cuantía do convenio en cada caso.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.<sup>a</sup>) Como avalía a Secretaría Xeral de Política Lingüística o resultado práctico dos convenios descritos, no tocante ao incremento do uso do galego neses medios?

2.<sup>a</sup>) Que criterios utiliza a Secretaría Xeral de Política Lingüística para escoller os medios beneficiados, a cuantía económica do convenio en cada caso, ou a exclusión doutros medios?


3.<sup>a</sup>) Ten asinado, ademais, contratos con medios de comunicación?

4.<sup>a</sup>) En caso positivo, con que medios, con que finalidade e con que contía en cada caso?

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2011.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.




OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 03/11/2011 13:43:21**



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/11/2011 17:01  
Nº Rexistro: 73218  
Data envío: 03/11/2011 17:01:12.052

## Á Mesa do Parlamento


**Ana Luisa Bouza Santiago**, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á translación a Galiza do sistema de prescrición por principio activo que entrou en vigor o 1 de novembro de 2011.

O pasado 1 de novembro de 2011 entran en vigor as medidas sobre novos prezos menores establecidos no Real Decreto-lei 9/2011. Provócase ese día, e o seguinte nas Oficinas de Farmacia, o que o propio colexio da Coruña califica como caos pola falla de actualización dos programas informáticos de apoio á dispensación.

Esta falla de actualización achácase ao retraso da Administración galega na actualización do catálogo priorizado de produtos farmacéuticos, por resolución do 27 de outubro, para adecualo a estas novas condicións.

Ante esta situación, o Grupo parlamentar do BNG realiza as seguintes preguntas para resposta escrita.

- 1) Cal foi o motivo do retraso na actualización do Catálogo priorizado galego para adecualo aos novos prezos mínimos que entraron en vigor o 1 de novembro de 2011?
- 2) Que repercusións tivo este retraso na dispensación farmacéutica en Galiza?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/11/2011 17:01  
Nº Rexistro: 73218  
Data envío: 03/11/2011 17:01:12.052

3) Que mecanismos poñerá en marcha o Goberno galego para evitar que se repita esta situación?

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2011.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago  
Deputada do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Luisa Bouza Santiago na data 03/11/2011 17:00:39**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez e Alfredo Suárez Canal**, deputados do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ao futuro dos servizos de normalización lingüística.

Os servizos de normalización lingüística (SNL), están a atravesar unha situación crítica, que ameaza a viabilidade e futuro destas estruturas, claves para a normalización lingüística no ámbito local.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.<sup>a</sup>) Cantos e que servizos de normalización lingüística existen hoxe na Galiza?
- 2.<sup>a</sup>) Con que actividade anual en cada caso?
- 3.<sup>a</sup>) Que coordinación existe destas estruturas dende o Goberno galego?
- 4.<sup>a</sup>) Que avaliación realiza a Secretaría Xeral de Política Lingüística sobre a situación actual dos SNL?
- 5.<sup>a</sup>) Cales son as previsións de futuro?

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2011.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza


Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez  
Alfredo Suárez Canal  
Deputados do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 03/11/2011 17:06:57**

**Alfredo Suárez Canal na data 03/11/2011 17:07:03**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Isabel Sánchez Montenegro e Teresa Táboas Veleiro**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

En Marzo deste mesmo ano, o Goberno galego presentaba o Plan de Xestión integral para a bacía do río Umia “Plan Umia”, cun investimento de 22 millóns de euros. Segundo o Goberno galego o obxectivo do Plan é “dar unha solución definitiva ao problema de entrofización do encoro de Baxe.


Posteriormente, a Xunta anunciaba a posta en marcha das “actuacións máis urxentes” para atenuar a proliferación anual das cianobacterias no encoro. Mais, a pesares desas actuacións a auga de Caldas acadaba en datas recentes, uns niveis record de microcistina. O que supón un grave risco para a saúde pública.

Para o Bloque Nacionalista Galego é evidente que a causa da reiterada invasión do río Umia pola Microcystis, cos graves problemas que isto ocasiona, é a existencia do propio encoro de Baxe. Consecuentemente, a única solución definitiva é o desmantelamento dese encoro.

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita.

**1ª)** Cales foron as actuacións postas en marcha pola Xunta de Galiza para dar solución á presenza de Microcystis no Umia?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2ª) Cal foi o importe investido en cada unha delas?

3ª) Cal foi o resultado da aplicación desas medidas?

4ª) Como valor o Goberno galego ese resultado?

Santiago de Compostela, 3 de Novembro de 2011

Asdo. **Isabel Sánchez Montenegro**

**Teresa Táboas Veleiro**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Isabel Sánchez Montenegro na data 03/11/2011 17:17:22**


**Teresa Táboas Veleiro na data 03/11/2011 17:17:26**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA

31 OUT 2011

73078

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 53223**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **"a retirada de axudas á Revista Galega de Teatro"**, (publicada no BOPG núm. 347 do 4 de novembro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2010 (BOPG núm. 391 do 19 de xaneiro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"Dado o actual contexto financeiro, a Axencia Galega das Industrias Culturais entende que non é sostible asumir indefinidamente e ao 100% a financiación da edición de publicacións de xeito institucional, salvo no caso das publicacións propias e autoeditadas -como son as revistas Paraíso ou Música ao Vivo, ou mesmo as edicións dos premios a textos teatrais da Axencia Galega das Industrias Culturais.

Deste xeito, no caso da Revista Galega de Teatro, o apoio público da Axencia Galega das Industrias Culturais vén sendo agora o mesmo que o que se lle brinda a outras publicacións deste tipo: colaborar coa inserción de publicidade, mais sen asumir a totalidade da edición da publicación."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 66205**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **"a decisión do Goberno galego de eliminar o envío de libros en galego a Venezuela para posibilitar a aprendizaxe da lingua galega polo colectivo de emigrantes e os seus descendentes"**, (publicada no BOPG núm.: 494, do 21 de xuño de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Secretaría Xeral da Emigración**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia está a garantir a aprendizaxe da lingua galega para o colectivo de emigrantes.

No caso concreto que se refire na pregunta, os libros solicitados polo profesor de galego Eduardo Meilán para os estudantes do colexio Castelao foron enviados en 2009 pola Xunta de Galicia a Venezuela. Estes manuais, da editorial Edelvives, están actualmente descatalogados e así se lle trasladou á directiva da Irmandade Galega de Venezuela.

Desde o primeiro momento, a Secretaría Xeral da Emigración, amosou o seu interese por buscar alternativas ao material didáctico solicitado, sen obter resposta por parte da entidade venezolana. Tras meses de espera para a aprobación por parte da entidade dos novos manuais procedemos ao



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

envío destes a Venezuela e facilitámoslle o material necesario, para poder impartir as clases con toda a normalidade ata a recepción dos manuais.

Entre as posibilidades para favorecer a formación presencial en galego nos centros da diáspora atópanse os materiais en liña que a Xunta de Galicia ten a disposición da cidadanía.

Ademais, o Goberno galego, malia o marco de crise orzamentaria actual, convocou este ano novas axudas para a impartición de cursos de galego presenciais en centros galegos de Europa e Latinoamérica, axustando o crédito orzamentario á demanda real dos propios centros, de maneira que a práctica totalidade dos cursos quedan financiados pola Administración autonómica.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 66241**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez e varios/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións levadas a cabo e previstas para evitar a exclusión da lingua galega nun complexo comercial da Coruña”**, (publicada no BOPG núm.: 494, do 21 de xuño de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre sinalar que a Secretaría Xeral de Política Lingüística recibiu unha queixa, procedente da organización *A Mesa pola Normalización Lingüística*, referida a unha das empresas instaladas no dito complexo comercial, concretamente as salas de cinema que xestiona a empresa CINESA, e que ten motivado a apertura de procedemento de queixa de garantía de dereitos lingüísticos.

Comprobados os feitos, o secretario xeral de Política Lingüística dirixiuse por escrito ao conselleiro delegado do grupo CINESA, poñendo no seu coñecemento o escrito de queixa de *A Mesa* e informando, polo que se refire o emprego incorrecto da forma toponímica ‘La Coruña’, do que dispoñen a este respecto o artigo 10º da Lei 3/1983, de 15 de xuño de normalización lingüística e o artigo 1º da Lei 2/1998, de 3 de marzo sobre cambio de denominación das provincias de A Coruña e Ourense. Ademais, solicitóuselle



que emprenda as accións oportunas para comprobar os termos da queixa e a adopción das medidas axeitadas para solucionar no futuro casos como o denunciado.

Polo que se refire á queixa por non empregar a lingua galega no publicidade e rotulación das salas de cinema, na carta dirixida móstraselle á empresa CINESA o uso da lingua galega como unha vantaxe competitiva porque ofrece unha imaxe de innovación, diferenciación e dinamismo, mellora a calidade de atención ás persoas consumidoras e é rendible en termos económicos. Así mesmo, esta secretaría xeral pon á disposición da empresa o seu servizo de asesoramento lingüístico para que poidan ofertar os seus servizos en galego e traducir as súas páxinas web.

De recibirse na Secretaría Xeral de Política Lingüística escrito de queixa sobre algunha outra empresa instalada no complexo comercial 'Marineda City' daráselle un tratamento semellante ao da queixa referida a CINESA."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias




Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar polo Pleno- nº **57674**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“as previsións da Consellería de Cultura e Turismo respecto do nomeamento do edificio da Biblioteca Nacional de Galicia, como edificio Rosalía de Castro”**, (publicada no BOPG nº 401, do 2 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG nº 512, do 26 de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“No momento presente, logo da inauguración dos edificios que albergan a Biblioteca de Galicia e o Arquivo de Galicia, así como da progresiva posta en marcha dos servizos que lle son propios a ámbalas dúas institucións, a prioridade da Consellería de Cultura e Turismo con respecto á Cidade da Cultura de Galicia é afondar na dotación de contidos culturais, así como na execución das obras dos edificios que se rematarán proximamente.

Unha vez rematados e inaugurados os demais edificios, existe a vontade - tal e como se manifestou en sede parlamentaria- de presentar ás institucións culturais galegas a posibilidade de nomear o edificio da Biblioteca de Galicia como Rosalía de Castro.”





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIONS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar polo Pleno- nº: **57804**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“as actuacións que vai desenvolver a Xunta de Galicia para conmemorar o 125 aniversario do nacemento de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao”**, (publicada no BOPG nº 401, do 2 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG nº 512, do 26 de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“O apoio da Consellería de Cultura e Turismo, fundamentalmente a través da Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, no que respecta á promoción da figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao -en concreto- e a prol da difusión e a promoción de todos os nosos autores -en xeral- é inequívoco.

Con este obxectivo, a Consellería de Cultura e Turismo traballa ao longo de todo o ano na procura da máxima difusión e coñecemento da figura e obra de todos os persoeiros das nosas letras por parte do público galego e exterior, sempre tratando de acadar o máximo rendemento e visibilidade.

Neste sentido, unha das accións prioritarias da Consellería de Cultura e Turismo no presente ano 2011 está a ser, novamente, a celebración das datas conmemorativas arredor do libro e da lectura (Día internacional do



Libro, Día das Letras Galegas) que conlevan a organización de actos e o apoio e colaboración coas entidades que organicen os mesmos, así como a conmemoración de acontecementos relativos a recoñecidos autores galegos, tales como o centenario do nacemento de Álvaro Cunqueiro ou o 125 aniversario do nacemento de Castelao.

No caso concreto deste último, entre outras actividades, en xaneiro do presente ano a Consellería de Cultura e Turismo organizou, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, un acto de conmemoración dos 125 anos do nacemento deste ilustre rianxeiro no que participaron o reitor da Universidade de Santiago de Compostela, o propio director xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos e que contou coa presentación da conferencia "Castelao: Arte, literatura, política" por parte do director do Museo de Pontevedra.

Así mesmo, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos e da Secretaría Xeral de Política Lingüística, está a promover no presente ano unha mostra itinerante que percorre as bibliotecas nodais da nosa comunidade e os centros escolares, co fin de achegarlle á sociedade galega a figura e a obra de Castelao.

A mostra fai un percorrido pola súa vida e obra a través de sete paneis con desenvolvemento teórico, complementados con sistemas interactivos e música ambiental galega, repasando non só a súa biografía, senón tamén os aspectos máis importantes da súa polifacética personalidade como escritor, artista gráfico, debuxante, pensador e político.

Por outra banda, coincidindo con esta efeméride, a colaboración entre a Xunta de Galicia e a Municipalidade de General Pueyrredón permitiu este mesmo ano a creación nas bibliotecas da cidade arxentina de Mar del Plata da nova sección galega Castelao, creada con fondos bibliográficos doados pola Xunta de Galicia e que ofrece aos seus usuarios a posibilidade de achegarse á literatura e á cultura galega.




Así mesmo, dentro da liña prioritaria de apoio á escena galega na programación do Centro Dramático Galego, o Salón Teatro de Santiago acolleu no mes de marzo do presente ano a representación dunha versión da emblemática obra de Castelao 'Os vellos non deben namorarse' asinada pola compañía galega Teatro do Morcego, recuperando este espectáculo para os escenarios dez anos despois da súa estrea.

Ademais, no pasado mes de xullo a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, fixo pública no Diario Oficial de Galicia a resolución pola que se incoa o expediente para a declaración de ben de interese cultural do conxunto da obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao; resolución que determina a aplicación inmediata e provisional do réxime de protección previsto para os bens xa declarados."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

  
Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar polo Pleno- nº **57805**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“as razóns polas que a Xunta de Galicia aínda non incoou o expediente para declarar como Ben de Interese Cultural o conxunto da obra de Castelao.”**, (publicada no BOPG nº 401, do 2 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG nº 512, do 26 de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia considera como válidas as explicacións dadas a respecto deste tema polo director xeral do Patrimonio Cultural na sesión da comisión 4ª, de Educación e Cultura, celebrada o pasado 16 de febreiro. Remitímonos ao alí exposto.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar polo Pleno- nº **58054**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“a oportunidade do investimento realizado polo Goberno galego no acondicionamento do edificio do antigo convento de Santo Domingo, en Tui, para a apertura dun albergue provisional de peregrinos en agosto de 2010.”**, (publicada no BOPG nº 406, do 9 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG nº 512, do 26 de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Cultura e Turismo asume como válidas a este respecto as explicacións dadas pola directora xerente da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo na sesión da comisión 4ª, de Educación e Cultura, celebrada o pasado 7 de abril. Remitímonos pos, ao alí exposto.”



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia







XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar polo Pleno- nº **60510**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“as actuacións que vai desenvolver a Xunta de Galicia en relación co Plan galego das artes escénicas 2008-2011.”**, (publicada no BOPG nº 421, do 2 de marzo de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG nº 512, do 26 de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Cultura e Turismo está completamente de acordo coa declaración de intencións que supoñen os postulados orixinais do Plan Galego das Artes Escénicas, e así o ten manifestado en diversas ocasións a través dos seus representantes, tanto nos medios públicos e en sede parlamentaria como ante as distintas asociacións do sector.

Agora ben, resulta innegable que a conxuntura económica mudou de forma considerable desde que o devandito Plan foi formulado, facendo que formulacións que hai dous ou tres anos podían semellar realizables, hoxe non o sexan en termos de inversión económica.

O propio informe de avaliación do Plan Galego das Artes Escénicas correspondente ao ano 2008 (o primeiro ano da súa implantación, aínda



baixo o goberno bipartito) expón dúbidas respecto ao seu cumprimento e aos sistemas utilizados para medir a súa execución, polo que, nunha conxuntura económica moito máis desfavorable -como é a actual-, resulta xustificable que non se poda cumprir en todos os seus termos.

Non obstante, o diálogo da administración autonómica cos axentes do sector é permanente e ten como a súa máis clara manifestación o firme apoio brindado a este sector estratéxico pola Consellería de Cultura e Turismo nun contexto económico tan delicado como o actual.

Cómpre recordar a este respecto que Galicia é a Comunidade Autónoma do Estado español que máis inviste en artes escénicas no referente a subvencións á produción e á distribución exterior, con 0,59 euros por habitante no ano 2010 fronte aos, por exemplo, 0,21 euros de Andalucía ou os 0,18 euros de Cataluña.

Tamén neste sentido, a pesar do actual contexto de redución do gasto público, o esforzo económico realizado mediante a contención na redución das axudas á produción e o mantemento da inversión nas distintas Redes da Agadic, permitiu un incremento no número de representacións artísticas dentro das mesmas.”



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

  
Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA

28 OUT. 2011

73034

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 58435**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“a contía das axudas pendentes de pagamento pola Xunta de Galicia ás compañías de teatro galegas no 28 de xaneiro de 2011, as razóns da demora e a valoración do impacto da crise no sector, así como as medias previstas ao respecto e a continuación co Plan galego de artes escénicas”**, (publicada no BOPG nº 406, do 9 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“Tal e como manifestou o propio Director da Axencia Galega das Industrias Culturais en sede parlamentaria, a análise do acontecido nos últimos catro anos non permite falar de débeda en termos estritos, nin tampouco de continuos atrasos, senón das consecuencias derivadas da aplicación da nova normativa que rexe as subvencións de Galicia, aprobada na lexislatura do goberno bipartito.

Polo que respecta aos datos relativos ás cantidades pendentes de pagamento por parte da devandita Axencia, así como os conceptos aos que se corresponden, son os que seguen:

- Subvencións: 974.613,96 euros.



- Redes: 130.232,88 euros, cantidade que corresponde maioritariamente ao mes de decembro de 2010, xa que a Axencia Galega das Industrias Culturais está ao corrente dos pagos contabilizados a data 30 de novembro de 2010.
- Outros: 279.289,38 euros.

Cómpre recordar que Galicia é a Comunidade Autónoma que máis inviste en artes escénicas no referente a subvencións á produción e á distribución exterior, con 0,59 euros por habitante no ano 2010 fronte aos, por exemplo, 0,21 euros de Andalucía ou os 0,18 euros de Cataluña.

Tamén, neste sentido, a pesar do actual contexto de redución do gasto público, o esforzo económico realizado mediante a contención na redución das axudas á produción e o mantemento da inversión nas distintas Redes da Axencia Galega das Industrias Culturais, permitiu un incremento no número de representacións artísticas dentro das mesmas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 59531**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López e varios/as deputados/as máis, sobre **"a valoración, a actuación levada a cabo e os proxectos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural respecto dos problemas de conservación que presentan o pazo bispal de Diomondi así como a igrexa anexa de San Paio, no concello lucense do Saviñao, e os futuros usos dese pazo"**, (publicada no BOPG nº 416, do 23 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural facilitou dende un primeiro momento a colaboración dos seus técnicos ao propietario do ben, tramitando con toda a urxencia posible as autorizacións necesarias para a execución das obras de urxencia, así como no seguimento posterior da súa execución.

As actuacións, en cumprimento da lexislación vixente, esixen un proceso de descrición técnica e de autorizacións, non existindo neste caso un risco inmediato de que o derrube se xeneralizara. Non existiu, polo tanto, falla de resposta algunha por parte da devandita dirección xeral.



A Consellería de Cultura e Turismo realizou durante o ano 2005 obras de restauración no devandito Pazo de San Paio de Diomondi, en estado ruinoso, consistentes na rehabilitación da cuberta e da súa estrutura, precisamente coa intención de impedir o progresivo deterioro do monumento.

En concreto, esta inversión ascendeu aos 142.132,84 euros e consistiu na demolición de todo o material da cuberta previa, construíndose unha nova estrutura con madeira de castiñeiro e cubríndose a mesma con tella do país asentada sobre pranchas de cartón embreado.

A remates do ano 2010, por causas non derivadas das augas de cuberta, xa solucionadas, produciuse un derrubo.

O edificio estaba en estado de abandono e non constaban nel outras intervencións de mantemento por parte da propiedade dende que no ano 2005 remataron as actuacións xa citadas da Consellería de Cultura, a pesar da obriga legal do deber de conservación da propiedade recollido no artigo 25 da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia.

Ao abeiro deste artigo é, polo tanto, o propietario do ben o responsable de garantir a conservación do mesmo, colaborando neste labor a Administración autonómica -tal e como especifica a lei e como se ven de indicar- con inversións efectivas e asesoramento técnico a todos os niveis.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA

28 OUT. 2011

73033

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 60509**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **"as actuacións que vai desenvolver a Xunta de Galicia en relación co Plan galego das artes escénicas 2008-2011"**, (publicada no BOPG nº 421, do 2 de marzo de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Cultura e Turismo está completamente de acordo coa declaración de intencións que supoñen os postulados orixinais do Plan Galego das Artes Escénicas, e así o ten manifestado en diversas ocasións a través dos seus representantes, tanto nos medios públicos e en sede parlamentaria como ante as distintas asociacións do sector.

Agora ben, resulta innegable que a conxuntura económica mudou de forma considerable desde que o devandito Plan foi formulado, facendo que formulacións que hai dous ou tres anos podían semellar realizables, hoxe non o sexan en termos de inversión económica.

O propio informe de avaliación do Plan Galego das Artes Escénicas correspondente ao ano 2008 (o primeiro ano da súa implantación, aínda



baixo o goberno bipartito) expón dúbidas respecto ao seu cumprimento e aos sistemas utilizados para medir a súa execución, polo que, nunha conxuntura económica moito máis desfavorable -como é a actual-, resulta xustificable que non se poda cumprir en todos os seus termos.

Non obstante, o diálogo da administración autonómica cos axentes do sector é permanente e ten como a súa máis clara manifestación o firme apoio brindado a este sector estratéxico pola Consellería de Cultura e Turismo nun contexto económico tan delicado como o actual.

Cómpre recordar a este respecto que Galicia é a Comunidade Autónoma do Estado español que máis inviste en artes escénicas no referente a subvencións á produción e á distribución exterior, con 0,59 euros por habitante no ano 2010 fronte aos, por exemplo, 0,21 euros de Andalucía ou os 0,18 euros de Cataluña.

Tamén neste sentido, a pesar do actual contexto de redución do gasto público, o esforzo económico realizado mediante a contención na redución das axudas á produción e o mantemento da inversión nas distintas Redes da Agadic, permitiu un incremento no número de representacións artísticas dentro das mesmas.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2011

C director xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Roberto Castro García



h


Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 62761**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“a eliminación das barreiras arquitectónicas no Colexio Público Monte dos Postes, en Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG nº 441, do 30 de marzo de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 62760, e debatida na Comisión 4ª de data 20/09/2011 e á que nos remitimos.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Roberto Castro García

h

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 64018**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Guillermo Antonio Meijón Couselo e varios/as deputados/as máis, sobre **“a valoración e a autorización pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria das actuacións do Concello de Lalín nas vivendas do Colexio de Educación Infantil e Primaria Joaquín Loriga, de Prado, o cumprimento da normativa vixente para a súa concesión a docentes e o seguimento das distintas fases da súa adxudicación”**, (publicada no BOPG nº 457, do 26 de abril de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Si, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, como non debe ser doutra forma, esta ao tanto de todas as actuacións levadas a cabo nas vivendas do CEIP ‘Joaquín Loriga’ de Prado, por expresa información do Concello de Lalín.

Desde o momento en que as actuacións realizadas desde o Concello teñen por obxecto a conservación e o mantemento das vivendas destinadas a profesores do CEIP, e que estas obrigas están encomendadas aos concellos, a valoración non pode ser outra que positiva.



Non se trata da unión de dúas vivendas, senón dunha destinada a vivenda dunha mestra con destino provisional no centro no seu día, así como doutra dedicada de xeito provisional e en precario ás necesidades de almacén da anterior.

O consumo de electricidade das vivendas adxudicadas debe ser asumido polos docentes adxudicatarios.

Á esta consellería de Educación e Ordenación Universitaria non lle consta que en momento algún o Concello de Lalín se teña feito cargo do consumo eléctrico de vivenda escolar algunha.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria entende que se teñen respetado todos os pasos legais desde o momento no que a adxudicación de vivendas con destino a mestres é unha competencia da Administración Educativa.

Tamén Educación considera que no concello de Lalín foron servidas todas as formalidades do actual marco normativo desde o momento en que terán sido adxudicadas a profesores que reúnen os requisitos para iso, e non ten quedado ningunha solicitude por atender das que cumprirán as condicións requiridas para a súa adxudicación.

Engadir, por último, que sempre se realiza, desde a Xefatura Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra un requirimento directo das adxudicacións das vivendas escolares.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS  
E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 65076**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **"a situación laboral na factoría "Real Conservera" de Cambados"**, (publicada no BOPG nº 477, do 25 de maio de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria e a de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

"O investimento realizado por Real Conserveira consiste nunha nova industria de transformación, elaboración, conservación e distribución de pescados e mariscos; o produto, tipo gourmet, caracterizarase pola alta calidade tanto da materia prima como da presentación, e terá como destino as tendas gourmet e as grandes cadeas de distribución; a empresa ten previsto destinar aproximadamente a metade da produción á exportación.

Polas propias características da actividade, que compaxina a incorporación de novas tecnoloxías cunha importante parte de labor artesanal, a empresa prevé empregar a un considerable número de traballadores, que oscilará segundo a evolución dos mercados e a disposición da materia prima necesaria para elaborar o produto final.

A través do Igape, a Consellería de Economía e Industria apoiou o importante investimento promovido por Real Conservera en Cambados



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

mediante a concesión dun préstamo por importe de 3,1 millóns de euros; esta operación ten como garantía as propias instalación da empresa, que terá que devolver o préstamo nos próximos sete anos

En relación a situación da empresa 'Real Conservera Española', a data de hoxe non se ten coñecemento por parte da autoridade laboral de ningún conflito no ámbito laboral que trascenda das propias relacións laborais diarias.

Nin por parte da empresa, nin por parte da representación dos traballadores, nin por parte dos propios traballadores se trasladou á autoridade laboral ningunha situación de conflito na empresa sinalada.

Aínda así, e dadas as informacións contidas na pregunta do grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, trasladouse á Inspección de Traballo e Seguridade Social a antedita información para que realice as comprobacións pertinentes da situación descrita na pregunta."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 70509**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **“as xestións realizadas e previstas polo Goberno galego diante do Goberno central para resolver o problema xerado para o tránsito das embarcacións e da fauna piscícola, pola acumulación de áridos na desembocadura do río Miño, entre Galicia e Portugal”**, (publicada no BOPG núm.: 546, do 26 de setembro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A finais do mes de agosto do presente ano, o alcalde da Guarda, D. José Manuel Domínguez Freitas, remitiulle unha carta ao conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, na que poñía de manifesto a súa preocupación ante o anuncio da supresión do servizo de ferry entre Caminha e Camposancos por parte da empresa operadora, debido á falta de calado durante as mareas baixas.

Esta carta foi contestada por parte do conselleiro, comunicándolle que, por tratarse dun transporte de carácter internacional, non é competencia da Xunta de Galicia, senón dos gobernos dos Estados español e portugués, ao igual que as augas sobre as que se realiza a navegación. En calquera caso,



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Director Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

manifestaba tamén a súa disposición para manter unha xuntanza con carácter inmediato para tratar as posibles solucións a este asunto.

Non obstante, o pasado 13 de setembro, o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino, anunciou o seu compromiso de acometer as actuacións de dragado na canle do ferry, co fin de que se poida manter o servizo.

Este anuncio, comunicado tamén á Cámara Municipal de Caminha, deixou sen efecto a decisión de suprimir o servizo de ferry, que a día de hoxe séguese prestando á espera do inicio dos traballos de dragado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 70582**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don María Soledad Soneira Tajés, sobre **“os datos referidos ás subvencións, axudas, ou calquera outro tipo de achega concedida pola Xunta de Galicia nos últimos cinco anos, a cada unha das entidades galegas que teñen recoñecida a Galeguidade, así como ás entidades de igual natureza que non a teñen recoñecida”**, (publicada no BOPG núm.: 546, do 26 de setembro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral da Emigración**, que ten o seguinte contido:

“Poden consultar as axudas concedidas no portal [www.galiciaaberta.com](http://www.galiciaaberta.com). Onde figuran as subvencións ou calquera outro tipo de achega concedidos nos últimos anos póla Xunta a cada unha das entidades que teñen recoñecida a galeguidade ”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 70588**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“as previsións da Fundación Cidade da Cultura respecto da inauguración do edificio do Museo cunha exposición sobre a pedra, o custo, a fórmula de contratación e obxectivos desta exposición, así como os criterios seguidos para escoller esa temática”**, (publicada no BOPG núm.: 546, do 26 de setembro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“No momento actual, acadado pola actual Xunta de Galicia o obxectivo da inauguración e posta en marcha a inicios do presente ano dos dous primeiros edificios da Cidade da Cultura de Galicia –a Biblioteca de Galicia e o Arquivo de Galicia–, a prioridade da Consellería de Cultura e Turismo é a execución e remate dos outros dous que están a piques de inaugurarse –o Museo de Galicia e o edificio de Servizos Centrais–, así como continuar aprofundando na dotación de contidos culturais no complexo.

Polo que respecta ao edificio do Museo de Galicia, tal e como se ten anunciado en sede parlamentaria, está previsto que abra as súas portas a finais do presente ano 2011, co obxectivo inicial de que o público poida



visitar o edificio e coñecer de preto as súas características construtivas e arquitectónicas.

Posteriormente, de cara á primavera de 2012, celebrarase nel a exposición denominada 'Gallaecia Pétreo', que formula un percorrido pola presenza da pedra na cultura galega, dende as súas orixes ata a actualidade, abordando a súa utilización como material construtivo e como soporte artístico ao longo da nosa historia.

O obxectivo desta exposición é reunir, por vez primeira, as obras máis significativas realizadas en pedra no territorio da Gallaecia, situado no extremo noroccidental da península Ibérica e que chegou a abarcar a actual Galicia e o norte de Portugal, xunto a terras limítrofes do territorio asturiano.

Para elo, a exposición servirase de diversos soportes -maquetas, fotografías, animacións e vídeos-, así como de folletos explicativos e material didáctico, audiovisual e publicacións específicas.

A contratación das empresas que desenvolverán os traballos, aínda non pechada, farase seguindo os procedementos de contratación e convenios da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, cumprindo deste xeito co esixido no artigo 10 da Lei 4/2006 do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas da Administración Pública galega, e co artigo 42 da Lei 30/2007 del 30 de outubro, de contratos do sector público."





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 70748**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga e don Pablo Xabier López Vidal, sobre **“os datos referidos ao desenvolvemento dos convenios impulsados no ano 2011, con carácter publicitario, con diversas operadoras de voos”**, (publicada no BOPG núm.: 552, do 4 de novembro de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“A Comisión Técnica do Comité de Rutas Aéreas de Galicia acordou tratar de reproducir en 2011, como mínimo, o mapa de rutas acadado no ano Xacobeo; un mapa que supuxo finalmente o récord acadado por Galicia en canto ao número de destinos internacionais directos.

Neste sentido, a Xunta de Galicia logrou para 2011, con menos investimento que en 2010, non só que se reproducira o mapa do 2010, senón incluso que se incrementara o número de rutas.

O Goberno da Xunta de Galicia executa unha política transversal e única, que busca as sinerxías e potencia as complementariedades entre as terminais galegas co obxectivo de afondar na configuración dunha política aeroportuaria única en Galicia, que evite duplicidades.



Os convenios de patrocinio publicitario coas aeroliñas aos que chegou o Goberno galego en 2011 son: con Air Nostrum, que opera, entre outros, os destinos A Coruña-Valencia, Vigo-Sevilla e Vigo-Bruxelas; con Vueling, que opera A Coruña-Amsterdam; con EasyJet, que opera Santiago-Xenebra; e con Ryanair, que opera Santiago-Londres, Santiago-Milán e Santiago-Frankfurt.

O traballo da Xunta de Galicia deu lugar a que máis compañías se interesaran polos aeroportos galegos, e que se implantara, por exemplo, un destino tan demandado polos galegos como é Xenebra e que unha importante low cost internacional se decidise a implantarse nunha terminal galega.

Polo que respecta ás tempadas que seguen as aeroliñas cómpre sinalar que:

A tempada de verán vai desde o último fin de semana de marzo ata o último fin de semana de outubro. Por iso, aínda non rematada a tempada de verán, non se poden dar as cifras totais de pasaxeiros.

En calquera caso, e ata o mes de setembro, foron as seguintes:

Alvedro	Ámsterdam	19.182
	Valencia	5.383
Lavacolla	Frankfurt	25.638
	Londres	38.132
	Milán	24.067
	Ginebra	13.442
Peinador	Sevilla	4.551
	Bruselas	6.025



Nótese que non todos os voos comezaron a operar no mesmo momento do ano.

No ano 2009: a Xunta fixo aportacións directamente ás compañías, para condonar débedas contraídas polos concellos. Ata ese momento o aeroporto de Peinador non tiña recibido nunca aportación ningunha, a diferenza dos outros dous aeroportos galegos.

	2009
Santiago	450.000,00 €
A Coruña	300.000,00 €
Vigo	325.000,00 €
TOTAL	1.075.000,00 €

No ano 2010: establecéronse varios indicadores: catro turísticos (histórico de pernoctacións, turismo estranxeiro e peso dos turistas sobre total pasaxeiros e volume de turistas total), dous poboacionais (cota mercado aeroportuario; habitantes radio 30km) e dous empresariais (volume de facturación e número de traballadores) para o reparto de 4 millóns de euros aportados por 3 consellerías (destinándose máis 500.000 euros de aportación da S.A. de Xestión do Xacobeo directamente para Lavacolla). Galicia tivo así en 2010 a maior conectividade aérea internacional directa.

	2010
Santiago	1.876.057,14 €
A Coruña	1.231.714,29 €
Vigo	1.392.171,43 €
TOTAL	4.499.942,86 €



No presenta ano 2011: seguindo o acordado na comisión técnica do comité de rutas (polos concellos, aeroportos, AENA, confederación de empresarios e Xunta), non houbo reparto económico, senón o acordo de que a Xunta intentaría replicar o mapa de rutas de 2010; mediante a fórmula de convenios de patrocinio publicitario a Xunta conseguiu incluso unha liña máis para Santiago; por condición ineludible de Ryanair, o acordo foi asinado para 3 anos, o que tamén corruxía o agravio económico no reparto. Peinador foi o aeroporto economicamente mais beneficiado.

	2011
Santiago	882.000,00 €
A Coruña	1.038.400,00 €
Vigo	1.250.800,00 €
TOTAL	3.171.200,00 €

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Roberto Castro García

vi

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727